



**D.<sup>a</sup> VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA),**

**CERTIFICA:**

Que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o 15 de decembro de 2015, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

---

**11.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RECOÑECIMENTO DA COMPATIBILIDADE A D. JOSÉ LUÍS MÍGUEZ IGLESIAS.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 3 de decembro de 2015, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de persoal, comunicación, lingua e medio natural de 10 de decembro de 2015.

**“PROPOSTA ALCALDÍA**

*Vista a instancia presentada por D. José Luis Miguez Iglesias, coordinador de actividades deportivas do concello de Teo, con data de 27 de outubro de 2015 (rex. entrada nº 8.529), solicitando o recoñecemento da compatibilidade para o exercicio da profesión de adestrador deportivo.*

*Considerando que, con data de 29 de outubro de 2015, emitíuse informe da intervención municipal sobre o recoñecemento da compatibilidade, segundo o cal, de conformidade co artigo 16.4 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas (en adiante, LI), para que lle sexa recoñecida a compatibilidade solicitada o complemento específico anual do interesado non poder ser superior a 2.538,23 €.*

*Considerando que, á vista do informe citado, con data de 29 de outubro de 2015 se lle remitiu escrito ao interesado requiríndolle para que solicitara a redución do importe do complemento específico con obxecto de adecualo ao citado informe (rex. saída nº 3.647).*



*Considerando que o interesado presentou, con data de 12 de novembro de 2015 (rex. entrada nº 9.173), escrito solicitando a redución do complemento específico co obxecto de poder continuar co expediente e que se lle recoñeza a compatibilidade solicitada.*

*Visto o informe de secretaría, de 3 de decembro de 2015, incorporado ao expediente, cuxos argumentos son asumidos pola presente como motivación, en base ao artigo 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.*

*Considerando que segundo a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal al servizo das Administracións Públicas:*

*1.- O desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación da Lei, será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, publico ou privado, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia (art. 1.3 LI).*

*2.- O persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por sí ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o departamento, Organismo ou Entidade onde estivera destinado (art. 11 LI).*

*3.- O persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá desempeñar actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares, nos asuntos en que este intervindo, intervir nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público (art. 12 LI).*

*4.- Non poderá recoñecerse compatibilidade algunha para actividades privadas a quenes se lle autorizara a compatibilidade para un segundo posto ou actividade pública sempre que a suma de xornadas de ambos sexa igual ou superior á máxima nas Administracións Públicas (art. 13 LI).*

*5.- O recoñecemento da compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo e horario do interesado e quedará automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto no sector público (art. 14 LI).*



6.- Non poderá autorizarse ou recoñecerse compatibilidade ao persoal funcionario, ao persoal eventual e ao persoal laboral cando as retribucións complementarias que teñan dereito a percibir do apartado b) do artigo 24 do EBEB, inclúan o factor de incompatibilidade, ao retribuído por arancel e ao persoal directivo, incluído o suxeito a relación laboral de carácter especial de alta dirección (art. 16.1 LI).

7.- Así mesmo, por excepción e sen prexuízo das limitacións establecidas nos artigos 1.3, 11, 12 e 13 da Lei, poderá recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos ou concepto equiparable, cuxa contía non supere o 30 por 100 da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade (art. 16.4 LI).

Considerando que, segundo a Disposición transitoria novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, poderase recoñecer compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complemento específico ou concepto equiparable, sempre que a súa contía non supere o trinta por cento da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.

No suposto de que a contía de tal complemento supere o trinta por cento referido, poderá concederse a compatibilidade sempre que a persoa interesada renuncie á percepción do complemento específico ou concepto equivalente (disposición transitoria novena apartado 2).

Considerando que, segundo o artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fora das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade polo Pleno da Corporación.

En virtude do exposto, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Recoñecer a D. José Luis Míguez Iglesias a compatibilidade para o exercicio da profesión de adestrador, de conformidade co solicitado nos seu escritos de 27 de outubro de 2015 (rex. entrada nº 8.529) e de 12 de novembro de 2015 (rex.



entrada nº 9.173) e co previsto na lexislación vixente, debéndose aplicar as limitacións establecidas na mesma e, en particular, as seguintes:

1.- Que dita actividade non impida ou menoscabe o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometa a súa imparcialidade ou independencia (art. 1.3 LI).

2.- Non poderá exercer, por sí ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva no departamento de deportes do concello de Teo (art. 11 LI).

3.- Que o desempeño de dita actividade non se relacione directamente coas que desempeñe no concello de Teo nin de lugar á intervención en asuntos nos que este intervindo, intervira ou teña que intervenir por razón do posto público (art. 12 LI).

4.- O recoñecemento da compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo e horario do interesado e quedará automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto no sector público (art. 14 LI).

5.- O recoñecemento da compatibilidade suporá a redución do complemento específico do interesado ata adaptalo ao límite legal previsto no art. 16.4 LI, non debendo este superar o 30 por 100 da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade, o que supón, segundo o informe de intervención incorporado ao expediente, que o complemento específico anual do interesado non poder ser superior a 2.538,23 €.

A redución citada aplicarase na seguinte nómina que se pague a partir da notificación do presente acordo ao interesado.

**Segundo.-** Que se proceda a inscribir o presente no correspondente rexistro de persoal.

**Terceiro.-** Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedente”.

(...)



Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE) e sete abstencións (7 PP) acorda:

**Primeiro.-** Recoñecer a D. José Luis Míguez Iglesias a compatibilidade para o exercicio da profesión de adestrador, de conformidade co solicitado nos seu escritos de 27 de outubro de 2015 (rex. entrada nº 8.529) e de 12 de novembro de 2015 (rex. entrada nº 9.173) e co previsto na lexislación vixente, debéndose aplicar as limitacións establecidas na mesma e, en particular, as seguintes:

- 1.- Que dita actividade non impida ou menoscabe o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometa a súa imparcialidade ou independencia (art. 1.3 LI).
- 2.- Non poderá exercer, por sí ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva no departamento de deportes do concello de Teo (art. 11 LI).
- 3.- Que o desempeño de dita actividade non se relacione directamente coas que desempeñe no concello de Teo nin de lugar á intervención en asuntos nos que este intervindo, intervira ou teña que intervir por razón do posto público (art. 12 LI).
- 4.- O recoñecemento da compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo e horario do interesado e quedará automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto no sector público (art. 14 LI).
- 5.- O recoñecemento da compatibilidade suporá a redución do complemento específico do interesado ata adaptalo ao límite legal previsto no art. 16.4 LI, non debendo este superar o 30 por 100 da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade, o que supón, segundo o informe de intervención incorporado ao expediente, que o complemento específico anual do interesado non poder ser superior a 2.538,23 €.



A redución citada aplicarase na seguinte nómina que se pague a partir da notificación do presente acordo ao interesado.

**Segundo**.- Que se proceda a inscribir o presente no correspondente rexistro de persoal.

**Terceiro**.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedente.

---

E para que conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde, coa reserva do artigo 206 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en Teo, a dezaseis de decembro de dous mil quince.

Vº e praxe

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral

Virginia Fraga Díaz